

## MEIXELAS DE ROSA

O Xoaquín era un rapaz novo. Era calquera cousa; nin fermoso, nin ruín; era un rapaz novo.

e abonda.

Coñezo moitos que lles chegaba ben con iso. Claro está que estes que eu digo fórono outrora, e polo tanto non teñen dereito a laiarse da súa sorte. Mais se cadra fórono nun tempo en que a mocidade non tiña a importancia que hoxe ten. Para eles e para o mundo.

O mundo, coma vai vello, dálle agora importancia á mocidade. Outrora somentes lla daban os vellos; agora, os mozos tamén. Se os homes lle non damos importancia máis que ao que non temos, puidérase tirar de aquí que agora os mozos non teñen mocidade, ou teñen menos que a que tiñan aqueles que agora quixeran ser mozos. Mellor será supor que o que acontece é que os mozos se decataron da importancia que lle daban os vellos.

O Xoaquín é calquera cousa, estudante ou hortera, tanto ten; o caso é que sexa un rapaz. O demais porédelo vós, se vos peta, e coma vos pete. En todo caso, non é da historia, nin vén a conto.

Porque a historia dun rapaz novo - e se non que o digan os vellos - ou non é nada, ou é a historia dun corazón, ou do que o substitúa na vosa concepción psico-fisiolóxica coma órgano específico do amor, posto que o amor non é máis que unha secreción interna.

Porque esta que imos escribindo, é aínda unha historia de amor, cursi e todo.

Unha historia de amor sen verbas, romanza sen palabras. Mellor dito, as verbas poden ser estas ou aquelas, as que o lector queira pór, asegún, o seu gusto. Así, tamén, o lector poderá colaborar co autor, e aínda que a parte de colaboración que se lle deixa, asegún o autor pensa, non val ren, o lector pode pensar doutro xeito, e considerala como a máis importante. En todo caso, o conto este ten tanta, que non ten ningunha.

Esta é a historia dunhas meixelas de rosa. Estas meixelas de rosa non son as do Xoaquín, aínda que ben mirado, o Xoaquín puidera telas; mais isto non nos importa a nós, nin sequera a Aurora que é quen as tiña.

O que nos importa é que son as dela. Sendo dela, el púidoas facer súas, e ben burro foi se non o fixo. Mais despois de todo, se non o fixo, alá el. Aínda que se o fixera, non habería conto.

Non habería este conto; habería outro tan bo coma este, porque o esencial, neste ou noutro, é que haxa nel unhas meixelas de rosa. Se non as hai, nada; a outra cousa. Mais hainas. E se as hai, dende aquí, por un vieiro ou por outro, tanto ten. En habendo unhas meixelas de rosa, o

conto está feito, e pódese dar a solución ou o desenvolvemento que se queira. Ou deixar que o lector lle poña a que máis rabia lle dea.

Por exemplo, o Xoaquín, para que vos simpatice máis - o cal sempre é bo para se pór en situación (coñezo a psicoloxía do meu público, e este é aínda un obsequio máis que me teredes que agradecer)- fareino dianteiro-centro de calquera equipo de fútbol. Con iso é xa un rapaz novo sublimado, ergueito deica o cume supremo onde chegan as máis cobizosas arelas da mocidade.

Tamén vos deixo facer o retrato da Aurora.

Póndema máis ben branca que morena, para que as rosas do sangue, seiva auroral da súa primavera - porque ten que ser noviña: menos dos dezoito, en todo caso; cecais os dezasete anos fora un óptimo, o desexado, o tal cal para o caso - se transparenten mellor nesa carne branca que semella que o sol traspasa coa súa luz, leitoso cristal opalescente, vaso marabilloso para deixar brillar de través o rubor do sol nacente.

Non ma poñades fea, nin tampouco de beleza de tal xeito especial que as rosas da face vaian estar alí fóra do seu sitio.

Dádelle a esa fresca luz de abreinte que é aroma e que é engado, un sustento hipostático feliz, doado, de xeito tal que ela non puidera por menos de ser sonrosada, e que con isto acade a perfección, de modo, de maneira e de forma que as ledas cores - rosa ou mazá, cereixa ou caravel - veñan ser como o máis sublime esplendor da súa beleza, polo, que se coñece que é flor e que está a florir, como as rosas das roseiras cando escomenzan brancas por afora, a abriren o seu corazón cada vez máis sonrosado, até remataren adentro nun rubor de lume que somentes as rosas e as rapazas saben ter.

Tendo en conta sempre que unha fea non ten, en boa estética, dereito ningún a ser colorada, e que si o é, éo abusivamente, usurpando unhas cores que non son dela, que non lle pertencen, que conseguen por inexplicábel trabucamento da Natureza, que sen dúbida as tiña preparadas para outra - e sobre todo, que máis lle valera non selo.

O demais, quero mellor que vaia ao voso gusto. Así, cada un de vos pode facer para si unha Aurora asegún a súa estética, e será ben para todos. Eu non teño teima ningunha en que a Aurora haxa ter o cabelo roxo, ou loiro, ou castaño, ou negro; en que os ollos sexan escuros - eu quereríao ben claros -, ou verdes, ou azuis; en que o nariz sexa longo ou nacho. Ora, se por desgraza houbera algún de vós que non gostara das meixelas de rosa, ese que non siga lendo, e peor para el.

Ben. Pois logo, xa que estamos conformes, imos emprincipiar o conto.

Como iamós dicindo, a Aurora, a nena das meixelas de rosa - poñamos dezasete anos - era... vos veredes: costureira, metrola, señorita... calquera cousa das que adoitan ser as rapazas dese tempo. Dende que naceu deica agora - agora e o instante en que empeza esta historia, e esta historia empeza para cada lector no instante que encoineza a lela - fixo o que fan todas as rapazas, todas as costureiras, todas as metrolas, todas as señoritas, todas as demais raparigas. Ora, o máis importante que fixo foi vivir, e aínda se me apurades, con existir xa fixo de abondo. Con existir e con levar na face as meixelas acesas.

Outro tanto, pouco máis menos, foi o que fixo Xoaquín. Ben me decato de que se é futbolista o Xoaquín ten historia, e pode que me agradecerades que vola referise; se cadra, tedes máis curiosidade por ela que polo conto que vos vou contando... . Mais como eu non vou ao fútbol, e coma aínda que fora, non había ter endexamais as revistas nin os xornais que falan desas cousas, porque non me quero cargar a cabeza con tanta ciencia, resulta que non vos podó informar das fazañas pedestres do Xoaquín, coma tampouco do expediente académico da Aurora, se é que efectivamente é metrola.

Pois señor, resulta que estando así as cousas, chegou a primavera.

E chegando a primavera, sorrín os días, e o vello tempo, que é o mais vello de toos os vellos, tórnase mozo - ou o pensa el - porque neses días sorridentes, o tempo ten unhas novas vodas de ouro. Vodas de ouro de sol.

A primavera quenta de tal xeito o leito do tempo, que o tempo, adormentado polo inverno como un lagarto arnal no seu buraco escuro, dende o que bota riba de nós os seus tristes pesadelos, voltos neve e xiada, encomenza a se revolver entre as sabas xa tépedas, co mesmo eufórico pracer co que a nosa alma aboia no suave ar perfumado que nos frega con rumor de seda.

E como a primavera viña de sol, púxose loira, e pódose loira, púxose rubia. E a primavera, viña xogando, pintando de rosa as meixelas das raparigas sofocadas, como o sol pinta as cousas dese amarelo esvaído que é a cor da luz. A primavera puxo un Instituto de Beleza, e ben ela sabe que despois dunha beleza estar preparada e rematada, non é aínda beleza namentras as cores non lle abrochan nas meixelas e por iso trae os seus preparados para enledecen, e para que as meixelas se volvan rosas acesas.

Diredes que esas cores pódense hoxe mercar na botica, e que non custa moito diñeiro, mais as que a primavera trae, e que non están estandarizadas, senón que son para cada unha as que o seu sangue pode dar, e as que a súa beleza require, non se poden mercar na botica.

A primavera abre todas as portas, e deixa florir todas as roseiras. Que ocasión nos ofrece cada primavera! Mais en cada caso, a decisión pende de nós.

Ademais, esta vez, por sorte, a primavera viña unha miguiña quente de máis.

Pois nun serán de primavera, atopáronse rapazas e rapaces: a Aurora, a Carmiña, a Elvira, a Maruxa, a Luísa, a Paulina, a Nieves; o Xoaquín, o Antón, o Eladio, o Indalecio, o Pepiño.

Todos xuntos, riron e dixeron moitas parvadas. Despois determinaron de iren á viña da Elena, que estaba aló cos meus pais. Habería fresas, leite fresco, uns biscoitos que lles mandaba un tío crego, cecais xamón e viño...

Moita risada, vestidos claros e vistosos, cecais deses parasoles xaponeses, moita calor que xa pica un pouco, moito sol dourado deitando sobre os verdes novos.

O Xoaquín tivo a sorte de que lle cadrara ir de par coa Aurora.

Un pedazo pola estrada sen sombra, toda envolta na raxeira leda de caer sen descanso. Polo nariz entra un ar que vén dos verdes deitados do val e das uces florecidas do monte e das xestas tenras e dos toxos brandos que aínda teñen unha verdura moza. E este ar chega directo ao corazón, misturado co sol e co verde e coa vida, e do corazón rube unha ledicia lene e suave de principio, mais que despois vaise facendo máis basta e chega deica a gorxa que se enche dunha emoción gozosa, e deica os ollos que choran sen bágoas da dita somentes dun sentir que vive, e que vive neste instante sempre único e sen parello, sempre novo de cada vez que volve, en que a alma énchese de tanta esperanza que semella que a vida encomeza agora mesmo, porque agora é cando van romper todas as sementes que ela traía daquel outro mundo que non é mais que a preparación deste de agora, onde todo vai ser realizado.

O Xoaquín é arestora unha esperanza a tremer, e leva á súa man dereita o que pode encher todas as esperanzas da vida.

Pica o sol, e a Aurora vai chea da mesma ebriedade de sol e de esperanza que é presentimento, e o sangue mozo lle bule, que lle lanza ledo nas veas, ledo de primavera, e ledo de percorrer os adentros daquel corpo noviño e lanzal que encomenza a vida para coallar en promesa de amores, chouta a se trocar en beleza nas súas meixelas que alcende coma rosas coloradas, ardentes e frescas, brillantes de ledicia e de cor, expresión de vida, de mocidade, de virxitude, de dita, de esperanza, de saúde, de forza, de mañá...

Sofocada, colorada de sol e de ser rapaza, que linda vai Aurora, coas meixelas acesas en rosas, como as cereixas maduras, como as mazás perfumadas, como os amorotes cheos de acedo aroma, como o corazón augacento das sandías novas, como as amoras verdes das silveiras, sabrosa froita atentadora aínda non enteiramente doce!

Coma non lle ha tremer ao Xoaquín o corazón, coma non lle ha ferver o sangue de inqueda, coma a súa alma non ha ir abandonada de dita e temor!

Pola estrada adiante, bañados de sol, pegaron na conversa, con verbas e ditos riseiros que non lle importaban ao Xoaquín máis que por seren da Aurora, nin lle importaban se cadra a Aurora máis que por seren dun rapaz que arestora era o Xoaquín, aínda que cando o Xoaquín non fora, por forza tiña que ser sempre algún...

Cando no medio da inconsciencia da dita, as verbas, levadas do determinismo inevitábel do instante, principiaron enfiaren cara onde o fado tiña que levalas, houbo que se meter por un carreiro, e a pouco, o carreiro levaba auga, e houbo que lle dar a man ás rapazas, entre berros e chistes e risadas, para axudalas a sostérense nos pequenos seixos brancos que abalaban, ofrecendo un camiño aos pés por antre as augas bulideiras, e houbo que choutar valados, e meterse polos cadabullos, e polas leiras, dando ocasión para que ao coller os dediños suaves e rosados, a corrente vital apurara o ritmo do sangue, e as meixelas se encenderan máis do esforzo e da risa.

E chegaron, e houbo berros e risadas, e falaron todos a un tempo, sen senso nin medida, e quen sabe se algún non diría algo que non debera ter dito, que por falar de máis ou se cadra por querer estar fino, ventando a merenda, ou cecais somentes por agradecemento á primavera e ao sol.

Cecais falaron un pedazo sentados, na sala fresqueira con cadeiras de rexilla e cortinas de cretona, todos xuntos, sen facer apartes, e con seguranza que se tal aconteceu, o Xoaquín foi o que menos falou, non por estar pensando en nada, pois somentes era daquela a súa alma a que falaba na súa lonxanía, xa que era a única que podía ver claro neste choio.

Cecais bailaron unha miga, ao son dun piano un pouco choco, tocado pola nai da dona da casa, ou dun gramófono que fixo funcionar solemnemente o pai, escollendo os discos con aire de entendido. E se así foi, puideron darse varios casos: ou que o Xoaquín bailara sempre coa Aurora, aínda que isto non é de supor, por dúas razóns: porque ao Xoaquín non era o baile o que máis lle interesaba arestora; ou porque non o deixaron, porque non ían os demais renunciar a ocasión de levar nos brazos un instante unha nena tan incitantemente sonrosada, e nestes casos, xa se sabe que o máis impresionado é o que máis parvo se pon, o que menos se aproveita e o que máis ruín rol fai.

Pode acontecer que bailara con ela algunhas veces, e as outras estivera como no caso anterior ollando aparvado, ou con xenreira, en contra dos outros ou en contra de si - aínda que tamén pode ser que por finura ou por vencerse, bailara algunhas ou todas as veces coas outras.

Polo derradeiro, tamén se pode dar o caso de que o Xoaquín non bailara nada, por non saber, ou por ter sempre comprometida con outro a Aurora, e neste caso, pode que os señores da casa lle dixeran - sobre todo as veces que a súa filla ficaba sen parella:

- E vostede non baila? Que pouco animado é!

Porque os homes e as mulleres andadas semellan non lembraren xa que o baile ofrece moitas ocasións de amarguexo e de tristura.

Do que estou seguro é de que despois surtiron á horta e comeran cereixas antes da merenda, un pouco verdes aínda...

Agora que como a xente moza procede por arrautadas, despoixas de brincaren e barullaren un pouco, pasaron unha miga, sen saberen daquela propiamente o que ían facer, coma tantas veces acontece. Entón quedaron a Aurora e o Xoaquín sentados os dous nun banco de pedra, debaixo da enredadeira, e os outros de fronte, uns dereitos, outros sentados nalgunhas desas sillas de madeira pintadas de verde que hai en todas as fincas de xente da cidade, e que case sempre están partidas. Tamén pode que dous dos rapaces se asentaran na mesma silla, e que se estiveran rempujando un ao outro, para se faceren caer e que as rapazas viran. Algunha rapaza tamén estaría se cadra sentada no colo doutra que a tería abrazada por atrás, e estarían as dúas cantaruxando polo baixo, abanando as pernas cruzadas a de enriba, e que despois se emprincipiaran a dicir cousas baixiño, unha na orella da outra, rindo afogadamente, con grande azaramento do Xoaquín, cheo de sospeitas...

Dun xeito ou doutro, o Xoaquín e a Aurora non podían falar arestora, porque os outros estaban moi preto, e porque reinaba ese silencio feito de cansazo e case de fartura de dita, no que non pode un falar cousa ningunha sen que os demais ceiben a risada que teñen contida e desexando estoupar, sen que sexa nada, senón por sinxela gana de rir e incapacidade de facer outra cousa.

Mais logo veu outra revoada e estralou de novo o balbor de verbas e de risas: ao mellor dous rapaces que se queren sacar un ao outro calquera cousa que un deles colleu, e as rapazas que aproveitan a ocasión para riren e para bateren neles, as que teñen máis confianza.

A Aurora toda acesa, brillándolle os ollos claros – se eran claros - que rían tanto como os seus beizos vermellos, fala a berros cos outros, sen dar tino ao Xoaquín, que ali ten a carón seu, embobado e inqueda, facendo esforzos para rir el tamén...

Aínda queda tarde e tarde... Antes de o sol baixar de máis, xa estaba logrado ese discreto isolamento no medio da compañía que convén para poderen falar, o que se di falar, un rapaz e unha rapaza. Falando moi ben, sen saber ben o que un di, porque non son as verbas as que falan, senón o sangue e a vida a cantaren, namentras o corazón desfaiase deliciosamente nunha dozura fonda que case afoga a voz... E cando, despois da hora fastidiosa e inútil da merenda, volveron estar todos onde o banco de pedra, debaixo da enredadeira, ao írense os outros pola viña adiante, a Aurora deixouse estar no banco onde o Xoaquín.

Agora estaban os dous alegres, e non rían.

Ela deixábase estar así sen saber ben por que, deixando ir a alma sinxelamente na dozura do instante, inocente e sen intención, se cadra. El prendido sen volta no engado meigo das meixelas de rosa, sen se decatar tampouco de todo do que sentía, porque a cobiza de amor alapa a alma enteira de tal xeito que non hai maneira nin tempo para esculcar... Se un puidera neses casos coñecer o que sente ao tempo que un sente, todas as cousas da vida habían caer xa para sempre no esquecemento eterno, e non habería xa para un máis que esa arela, en comparanza da cal o outro todo non ten senso ningún, nin é máis que segura, tristura e fealdade.

A Aurora estaba aínda sofocada e acesa, o alento erguéndolle ritmicamente o peito, e as meixelas tiñan o rosa vivamente sonrosado e tenro das cereixas novas, esteso ata moi preto das orellas de abaixo, deica a outura dos beizos encarnados e entreabertos coma se agardaran. Era unha cor tan linda, tan suavemente cálida de vida, tan chea de inxenua mocidade e de íntima ledicia, tan recendente a flor e froita fresca e perfumada, tal tolamente incitadora, que puña sedentos os ollos e os beizos do Xoaquín - e os doutro calquera que tivera a dita de se atopar no seu canto.

Os ollos do Xoaquín, nunca fartos de ollar no seu deslumbramento, namentras nas súas verbas tremantes ceibaba a tenrura o seu nome que o puña, de tan feliz, dorido, vían como ela o escoitaba ollando ao lonxe, ganada xa do misterio sublime do instante.

E, as dúas almas xa na mesma tensión, os beizos do Xoaquín, sedentos, ansiosos, ardendo de cobiza e de sede, achegáronse paseniño até pegárense, nun esvaemento de suprema felicidade a unha daquelas meixelas sonrosadas...

E rematou o conto.

Porque o que despois viñera, que nos importa? A historia vulgar e parva dun namorouzo como outros tantos que hai na mocidade. O regular é que ese amor rematara coma rematan outros tantos, e que a Aurora, a pouco, non se volvera xa lembrar do conto.

Mais o Xoaquín... O Xoaquín xa non poderá esquecer aquilo máis na vida. Nas meixelas de rosa, os beizos do Xoaquín beberon xa para sempre, luz, aroma, primavera, frescura, amor e alma; os únicos bens da vida, e o único que na vida importa. Aquilo pasou: foi un instante; mais o instante aquel non se esquecerá xa máis; aquel instante abriu para sempre, diante da alma do Xoaquín as portas de ouro do misterio, e aquela lembranza ha ser para sempre na súa alma fonte a deitar engado e graza, que o amor, que é o ben supremo, ten esa cor de rosa sonrosada, e o amor é viño que embebeda, e feliz aquel a quen embebeda para sempre. Aquela lembranza ha

de ser para el un aroma que perfuma, a vida enteira, e non hai mellor cousa, porque aquel aroma é alma.

E non importa que o que lle queda de vida sexa triste e vulgar. Ao Dante abondoulle con ollar dúas ou tres veces a Bice, e xa quedou salvado para sempre. Do mesmo xeito, namentras viva, o Xoaquín está salvado, salvado pola lembranza - pola saudade cecais tamén - dunhas meixelas de rosa.

Se agora vos dixera eu que o Xoaquín era un vello, cantos de vós - cantas tamén - non teriades unha decepción. Cantos - os que saben o que é bo - unha sorte de esperanza...

Cecais se fora un vello, a historia sería mais trágica, mais todos aqueles de enriba non me seguirían con interés.

E por que non había ser un vello? Non lle sabería moito mellor a un vello aquela aventura?

Nun vello sería un retorno, e non hai para que complicar as cousas, cando abonda cunhas meixelas de rosa. Ademais, mellor é que sexa un rapaz, para que esta emoción caia nunha alma vime e sen precedentes, poida encher a alma toda. Cómpre a alma virxe, porque esta emoción debe coller a alma enteira, sen deixar miga fóra, e un vello sempre lembraría algo, e esta lembranza que debe ser única, exclúe toda relación posíbel con recordos antigos.

Quedamos, pois, en que a cousa foi coma vola contei.

E aquí si que rematou o conto.



FUNDACIÓN  
VICENTE RISCO